



Eli Ríos, escritora: "Cando adquirín unha mirada crítica deixei de ler obras de señores"

Aprender a ler e mudar os referentes. É ao que apela Eli Ríos, escritora feminista, para crear espazos respectuosos para as mulleres e chegar á igualdade. Ela, que medrou pensando que só os homes escribían, hoxe é unha das referentes no mundo literario. Conversamos nesta peza sobre o traballo nas marxes, dende as posicións de "non privilexio", mentres anda de promoción do último libro publicado en Baía Edicións, "Remexido de patacas".

Por Uxía Iglesias | Santiago de Compostela | 23/08/2019

<http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/102031-eli-rios-escritora-adquirin-mirada-critica-deixei-ler-obras-senores>

Cunha boa recua de premios ás súas costas, Eli Ríos (Londres, 1976) busca mediante a súa escrita rachar con aqueles referentes literarios que se meteron en nós desde cativas: eses príncipes azuis, eses homes que nos explican cousas, que nos rescatan, esas mulleres sempre vítimas... Eli Ríos traballa nas marxes. Nunhas marxes onde o sistema literario é "vizosísimo" e onde as escritoras recollen o ronsel creativo que tantas outras mulleres deixaron ao seu paso: "Xela Arias, María Xosé Queizán, María Victoria Moreno, Xohana Torres, a inmensa Begoña Caamaño... Non seríamos nada sen o traballo das compañeiras".

Cando descubriu que as mulleres tamén escribían, cando bateu coa literatura da escritora estadounidense Ursula K. Le Guin ou coa británica Agatha Christie, a súa mirada ao mundo mudou para sempre. Regresou entón á obra de Rosalía e decatouse de que nada tiña que ver co que lle contaran dela na escola. Dende que adquiriu unha mirada crítica, conta, xa non le obras de señores. "Interésame moito máis o que fan as mulleres porque escriben dende unha posición de non privilexio, dende fóra dos poderes económicos". Apela a que este mesmo proceso teña lugar nas aulas dos institutos, a que se fomente unha mirada crítica para, dalgún xeito, salvar a mocidade do patriarcado que nos asolaga.

Entre a súa obra, destaca en poesía Ningunha tortilla é mala (2019), Se calhar nao é o tempo o que importa (2019), Café Intenso (2017) ou Culpable (2017); na narrativa Luns (2017), DX (2018), Remexido de patacas (2019) ou O ceo das reixas (2019). Un especial coidado formal e estilístico reviste a súa literatura, onde o humor tamén se fai oco entren as palabras.

Naciches en Londres, percorriches moitos territorios lusófonos... Que recolles destas experiencias no teu proceso literario? Como influíron no que es hoxe en día?

Nacer en Londres implica vivir a emigración galega. Meus pais emigraron por necesidade, e eu coñecín esa realidade de primeira man. Por moito que nos queira convencer o goberno de que son posibilidades de expansión, ao final é unha realidade baseada na fame e no traballo. Quedan as nosas casas baleiras para ir buscar un futuro noutro lado... Da cultura quedame pouquiño, viñen para aquí moi pequena. Quizais certos costumes coma o te e pouco máis... Pero si queda ese imaxinario da emigración, que sempre é algo presente na casa.

Os territorios da lusofonía son territorios escollidos: Porto, Cabo Verde, Lisboa, Açores... Para min foron lugares nos que me sentín coma na casa. Compartimos lingua. Chegar a Cabo Verde e escoitar "chuva" ou ver que cultivan o millo coma aquí faite reflexionar sobre as distancias e as barreiras, que son mentais na maioría dos casos.

Viviches tamén no Castro de Elviña, agora en Cambre... Es máis do rural ou do urbano?

Eu son do rural. Medrei nunha aldeíña de Ordes. Necesito o rural, a cidade chega a abafarme, a acabar *comigho*! [risas]

Que te inspira para escribir?

Normalmente sae dunha idea sen esperalo. Dun momento de beleza, rabia... dun momento no que necesito expresarme. Outras persoas fano coa música, coa pintura ou coa arquitectura. Todas son linguaxes nas que expresarse e contar esas ideas que ferven dentro da cabeza. Neste caso con palabras, que é o que se me dá ben [risas].

A túa escrita é claramente feminista. É unha necesidade? Poderías concíbilo doutro xeito?

Non creo que sexa unha necesidade. Ser feminista non é algo que escollas. Non podes dicir: 'pois vou ser feminista de nove a nove e media'. É unha mirada, é unha forma de estar na vida, eu son feminista as 24 h da vida e en todos os aspectos da miña vida. É algo natural. A miña ten que ser unha escrita feminista porque é o que eu son.

Tes expresado que nos premios hai moi poucos textos de mulleres. Por que acontece?

Imaxino que é reflexo da sociedade. Téñennos acostumadas a que nas fotografías dos grandes cargos dun banco só aparezan homes. A que cando hai unha entrega de premios, non haxa mulleres. A que a televisión só retransmita partidos de fútbol de homes, pero non de mulleres. A literatura non é nada máis que un reflexo da sociedade.

No momento en que os xurados están compostos por persoas que non teñen unha mirada feminista ou que non acostuman ler textos escritos por mulleres, eses textos non pasan a criba. As mulleres temos unha perspectiva totalmente distinta, falamos desde fóra do patriarcado e dos poderes económicos, falamos desde posicións subalternas. Normalmente aos xurados non lles interesan ese tipo de textos que falen doutras realidades. Entón as mulleres ao final dicimos: 'para que o imos intentar? Para que presentarnos se ao final non imos gañar?'

A sociedade esixe cambiar. É o momento de mudar as composicións dos xurados, de presentarnos, de crear novos espazos para a literatura escrita por mulleres.

Hai conciencia de xénero nas editoriais?

Si que hai, os editores e editoras son xente que está moi interesa en sacar e visibilizar este tipo de obras. Que acontece? Se ves as estatísticas, as mulleres somos as que máis compramos libros e as que máis lemos... Pero continuamos lendo libros escritos por señores, onde os protagonistas son señores. É moi difícil atopar un libro no que as protagonistas sexan mulleres, e que sexan mulleres con perspectiva de xénero. Temos que focalizarnos non só na visibilización das obras senón tamén en educar a mirada, senón seguiremos repetindo patróns. Isto é moi fácil de entender co cine: seguimos vendo obras de grandes señores que fan heroicidades supremas, e as mulleres seguimos consumindo este tipo cinema. Ao patriarcado interésalle un montón que as mulleres sexamos esas ás que hai que rescatar, esas que hai que salvar e explicarlles cousas. Está en nós mesmas ler literatura escrita por mulleres.

Téñote sentido dicir que a literatura debe ser un punto de referencia no que espellarse para non reproducir actitudes violentas ou prexudiciais. Como revertir todo o dano que fixeron os contos de príncipes azuis, que tamén foron referencia?

Cambiando a mirada. Hai cousas que damos por feitas e que só precisan verse dende unha mirada crítica, aprender a ler. Non debemos ler todo o que se nos dá sen mastigalo, sen pensalo, porque ao final reproducimos todo ese tipo de violencia. Se collemos a novela negra, eu pregúntome: Por que a vítima sempre é unha muller? Por que cando un home narra un asasinato a muller ten que ser violada, descuartizada...? Por que ese grao de violencia? Se merco un libro no que se me di que eu son vítima, vou acabar crendo que son vítima. Iso fai que nesta sociedade as mulleres esteamos asimilando que somos obxectos. Hoxe prendemos a televisión e veremos que hai dous, tres, catro asasinatos diarios a mulleres, cunha violencia increíble. E continuamos coma se nada acontecese, normalizamos a violencia contra a muller dunha maneira tan brutal que nin sequera saímos ás rúas e cambiamos as cousas.

Ten que saír de nós pensar que tipo de literatura queremos consumir, e neste proceso ten un papel importante o profesorado. Que literatura lle estamos ofrecendo ás crianzas? Estámolle dicindo ás nenas de 15 anos que teñen que seguir sendo as vítimas nas novelas e que teñen que esperar que un home veña rescatalas? Así non cambiamos nada. Ten que partir de nós mesmas, de cada unha individualmente, esa lectura crítica para que os referentes deixen de ser a violencia contra a muller. Hai grandes novelas como *A Dúvida* de María Reimóndez, ou mesmo a que acabo de sacar, *Remexido de patacas*, onde se lles dá a volta a estes referentes. Construíamos en positivo, é posible.

Ti percorres moitos colexios e institutos. Con que realidade te atopas? A rapazada dos institutos está educada en cuestións de xénero?

Hai unha educación totalmente patriarcal e machista. É moi difícil atopar neles temas como a diversidade de xénero, reflexións como a que acabamos de facer sobre a violencia de xénero... E son unhas idades nas que é básico a transmisión oral de coñecemento e a creación de novos referentes. Se deixamos isto en mans da pornografía, das redes e da música sen fomentar esa mirada crítica teremos unha xeración totalmente machista. Aí están os datos para comprobalo: as persoas menores de 18 consideran que non é violencia controlar un móbil ou dar unha labazada. Iso é responsabilidade desta rapazada nova? Non. A responsabilidade é nosa, que non estamos transmitindo o que precisan. É dolorosísimo chegar aos institutos e escoitar: 'pero se non teño ciúmes, como sabe que a quero?'. Algo estamos facendo moi mal na educación se unha crianza pregunta iso e identifica un sentimento positivo de amor con outro negativo de posesión. Iso resulta de non fomentar unha mirada crítica. Hoxe en día, na educación, interesa que vaíamos coma rabaños, sacar unhas notas, aprobar uns exames... Comentábame unha compañeira que

podes perfectamente pasar unha carreira sen ler un libro. A quen se lle ocorre non ler e estar orgullosa diso? Como habemos fomentar entón a mirada crítica? Reproduciremos o que nos di a tele.

A rapazada, logo, segue sen referentes femininos e feministas hoxe en día.

Non é a literatura que máis vende nin a que adoita chegar aos centros. O profesorado é un dos colectivos peor tratados neste momento. Está asolagado entre burocracia e faltas de respecto, incluso hai agresións nas aulas. Non podemos perderlle o respecto porque a persoa docente é xusto a que nos transmite o coñecemento. É un colectivo moi maltratado e ao que lle estamos pedindo demasiado. Necesitamos un apoio maior dende a consellaría. Precísanse cursos de formación e xornadas para a docencia. O feminismo esixe traballar e hai que construílo, esixe tempo. Non podemos cargar contra o profesorado e dicir que traballan o mínimo. Hai unha realidade moito máis dura por detrás. Os grandes cargos dos gobernos e das consellerías, son señores. Aos poderes políticos interésalles que o feminismo sexa considerado algo así coma o demo para seguir mantendo os privilexios.

E no teu caso, cales foron e son os teus referentes?

O que lin no instituto foron sempre obras de señores. Medrei pensando que as mulleres non escribiamos. Eu vía a Rosalía, a única señora, e era unha Rosalía que sempre estaba chorando e queixándose de todo, e claro, a min interesábame ben pouco. Pero de repente comezas a facer todo este proceso, que leva o seu tempo... Raio! Somos a metade da poboación, estatisticamente é imposible que as mulleres non escribiamos. Comezas a investigar, cousa que non é fácil porque non está accesible, e descubres a Ursula K. Le Guin, descubres a Agatha Christie na novela negra... 'Como non me deron a coñecer isto antes?' Regresas outra vez sobre Rosalía e decátaste de que é a primeira feminista da nosa historia, de que está reivindicando a loita das mulleres e as nosas raíces.

No momento no que adquirín unha mirada crítica deixei de ler obras de señores, porque non me interesa. É sempre o mesmo, teñen catro clichés e non saen de aí. Interésame moito máis o que fan as mulleres porque escriben desde as marxas, dende unha posición de non privilexio. A partir de aí é dende onde se contan cousas que a min me interesan. Xela Arias, por exemplo, esa muller que di 'intempériome'. Como non a estudamos nos institutos? Como non chegamos á súa literatura? Paréceme aberrante. Todas as mulleres que escribiron antes ca a nosa xeración foron abrindo portas: María Xosé Queizán, María Vitoria Moreno, Xohana Torres, a inmensa Begoña Caamaño. Todas elas son mulleres que nos facilitaron o camiño e nos ofreceron referentes ás autoras de hoxe. Non seríamos nada sen o traballo das compañeiras.

De que males adoece a poesía e que oportunidades ten por diante?

O mal imaxino que é o patriarcado. Temos unha poesía escrita por mulleres que xa lle gustaría a calquera sistema literario. Charo López, Andrea Nunes... Son textos tan potentes que hai editoriais que están collendo a nosa poesía e levándoa fóra. Xusto é aquí onde non lle estamos dando valor. Sempre digo: 'sentade dez minutos a escoitar un recital de Andrea Nunes e namoraredes da poesía'. As oportunidades? Témolas todas. Todo o futuro por diante. O único que temos que facer é collelas.

E como está de saúde o mundo literario?

Eu traballo nas marxas, con mulleres. Nesas marxas o sistema literario é vizosísimo. Estanse facendo traducións feministas, textos que rompen con todo o anterior, xa sexa na forma e no

contido. O resto? Non me interesa o sistema literario que fala sempre do mesmo. Creo que hai un mercantilismo atroz que vai acabar con nós, que nos vai autoconsumir. Estámoslle prestando moitísima atención ás campañas de marketing, e un dos que máis funciona é o do feminismo. Ti poslle a un libro a etiqueta de feminismo e parece que xa está todo feito, cando o contido está dicindo exactamente o mesmo: hai un señor que me explica cousas. Ese mercantilismo, ese sacar produtos porque si, vai acabar con nós, converteranos nun panfleto. Precisamente nas persoas que están creando nas marxes está o futuro da literatura galega.

Ademais do feminismo, outro elemento que tamén está presente na túa obra literaria é o humor. Por que é recorrente na túa escrita?

Acontece un pouco coma co feminismo. Hai unha frase que di: 'se non podo bailar, esta non é a miña revolución'. Pois na literatura e na vida é o mesmo, para min o humor é fundamental. Veño dunha cultura na que todo ten unha retranca... Esas frases das avoas que de repente conteñen unha lección de vida. Por exemplo, o clásico: "nunca choveu que non escampara". Se ti te paras a pensar nesa frase, garda unha reflexión súper profunda detrás. Todo o que che podían dicir na casa dicíancho cun sorriso, pero estábancha soltando. Para min é fundamental o humor, necesito bailar nesta revolución.

É posible vivir da literatura?

Eu imaxino que si. É cuestión de querer e poñerse, pero é un traballo moi duro e moi difícil. Eu neste momento da miña vida non estou preparada para ese traballo. Vexo compañeiras como Leticia Costas que fan horas e horas de promoción, loitando contra vento e marea. Ás mulleres aínda nos seguen dicindo se imos aos actos para promocionarnos. Aínda estamos no paso de pensar que a literatura escrita de mulleres é unha literatura de segunda e que *lo complementamos con las tareas del hogar*. Na feira do libro da Coruña organizaba unha mesa Leticia Costas, Premio Xerais, Premio Lazarillo... Unha escritora recoñecida internacionalmente. E podes crer que tendo ese luxazo de escritora nin sequera lle pagaron o tren de Vigo á Coruña? Somos un país anómalo, xa non sei por onde se pode agarrar.

Hai algo que nos quedara no tinteiro ou que che gustaría comentar?

Estes días estou de vacacións en Asturias e xusto antes de falar contigo pasei por diante dun lavadeiro no que había unha pintada que dicía: "non digas puta onde hai mulleres libres". Paréceme un bo resumo desta conversa. Ademais xusto nun lavadeiro, un lugar no que se nos recluía para facer as tarefas da casa.

Un espazo de socialización das mulleres de toda a vida...

De toda a vida. O lugar no que se mantiveron vivas as regueifas, o lugar no que nacían as revolucións políticas, a sororidade entre as mulleres... A importancia da palabra: 'non digas puta'. Como unha única palabra pode cambiar tantas realidades e facer tanto dano... É o poder da palabra!